

Elixio Rivas Quintas

## Influxos prechristians na arte

A cultura, en tódalas súas formas, é tradición; entregas que ás veces se fan imperceptibles, pero que se van sumando e trocando os xeitos de facer. O que pasa na complexa realidade, espacío e tempo, é que se ignoran miudos fitos intermedios. Trátase mellor de “*inventores*” en sentido etimolóxico, non no común e usado.

Se é certo que hai unha continuidade entre a arte visigoda e a medieval, tamén o é que aquel recibe xa dos romanos e estes dos prerromanos. O Cristianismo herda e conta co mundo que lle precede, ó que cristianiza, xa dende os petroglifos. Xa mesmo da protohistoria e deica a Edade Media (HºGº, 3, 455s., 643). Son os elementos decorativos que nos castros, como di Florentino López Cuevillas, tiveron función relixiosa ou xa decorativa, antes ca funcional. Cristianizados, perduran ó traveso dos romanos, do visigótico e mozárabe, pasando á arte arábiga; chegan ó románico e ó renacemento e ós tempos máis modernos. En “A solaina” de El Ideal Gallego do 12-5-91 vese un enlucido interior de eirexa con fermoso friso de banda ondulante en xogo con suásticas e rosetas tradicionáis romanas e prerromanas.

Co tempo, aqueles valores primitivos fóreronse esvaíndo, acabando por seren mero adorno. Quizás un lonxano simbolismo solar máis tenaz, residual, aplicado á luz suprema que é Deus.

Compre apuntar, antes de nada, que, no aspecto artístico, o mundo paleocristián ten un factor adverso de partida. No punto de ir inzar no mundo, tiña que prescindir da arte, xa que a existente, non era senón escola de idolatría e inmoralidade. É a razón que se dá no primeiro concilio, de *Ilíberis*, ó vedar imaxes: o perigo que elo supuña nos de a pouco conversos. Unha derradeira barreira da paganía. Por outra banda, o xudaísmo de partida tamén vedaba as imaxes, en obediencia á lei mosaica (Hist. del'art, 3).

A pura decoración, neutra, era o aproveitável. O fino instinto do pobo, e unha sucesiva catarsis, acaban por se impoñer. Axiña que a Eirexa conta con lugares propios de culto, distintos dos oratorios ofrecidos por algúns ricos novos adeptos, ha dar solución ó problema. Como único recurso está a tradición en torno. Así é como a iconografía precristiá é assumida dalgún xeito e comeza a ser cristianizada. Arte íntima, doméstica e de poucos símbolos que son pagáns pero sen connotación peiorativa apreciable. Son no chamado visigótico técnicas decorativas a

bisel, con formas chairas no relevo. Xa nos castros se chegara ó calado funcional en trísqueles. Pero tamén, en castros romanizados, ó *arco de ferradura* traspassado, funcional, en dobre fiestra, xémea. Algo do que queremos dar a coñecer aquí; novedoso.

A cotoio se fai máis luz arredor da arte prerrománica, e se ve a súa importancia na historia. Resulta moi aleatorio o definila coma *visigótica*; tanto coma sueba ou máis. Os cenobitas, mellor preparados ca o común dos fieis, plasman en debuxo ou miniatura as insculturas e motivos castreños. Haberá que ver ben se, como di H. Schlunk (*Ars Hisp.* II, 228) é certo que “en la Bética y la Lusitania (Sevilla, Córdoba, Mérida)” é onde “propriamente se forma el arte visigodo”. Mais, compre lembrar (H<sup>a</sup>Igl., 597) que “donde más desarrollo y esplendor debía alcanzar la vida monástica de este período (séc. VI-VII) fue en Galicia”.

Que haxa influxo importante do Norte de África parece certo, pero tamén, e máis, que o mundo romano e prerromano está sempre presente; compre analizar ónde. E de que sexa xermánico, nin ren; se acaso, antes suebo ca visigodo nesta parte Noroeste e a máis importante do primeiro prerrománico. Pero os suebos non poden influir por falta de cultura elemental. Os visigodos, que non son moito máis cultos, non chegan ó Noroeste deica pouco antes do ano 600 cando xa levaban aquí perto de 200 os suebos, e a arte que en Galicia se desenrolara non se debía a eles senón ó cenobismo nativo. Cadran no Noroeste cunha etapa en que se dá unha eclosión de cultura moi sobranceira dentro da Península. É ousado atribuirlle esa manifestación de arte, cando resultaron ser unha enorme rémora para a cultura de Galicia. Polo tanto nin *arte sueba* nin *visigoda*; *arte galeco-romana* no Noroeste (Cf. *Summa Artis*, VIII, 363).

Os *suebos* viñan de Suabia na Xermania occidental; labregos que venían á percura de terra da que vivir. É de supoñer que se moito, se lles dese en comunais por britar, onde facer *estibada* ou *seara*, e sementar. Sería de gran interés sabe-la distribución de nomes de poseedor xermánicos primitivos -os indicativos, non os serodios xa meramente nomináis- xa que eu coido que non foi mesmo expropiación de labradíos propios. Dividiríase o comunal e os suebos ficarían coa terceira parte: as *sortes germanice*. É tira e afroxa que se rexistra no Cronicón de Idacio.

Como tiña que ser, a onomástica e a toponimia do Noroeste é máis sueba ca visigoda, como di Reinhart (RFE, XXX, 295). Tendo en conta que a lingua era afín (Baldinger) o debido é concluir que no Noroeste é sueba. Non pode ser visigoda cando aquí non estaban ainda os visigodos. E despóis, mandar politicamente no reino suebo non significa suplantación persoal na posesión das terras, nin notable troque na fala, que pouco foi de tódolos xeitos o que xermánicos suebos ou visigodos influiron, como non sexa na toponimia.

Intentamos dar unha resposta á pregunta formulada polo prof. Schlunk (Ib. 223), do porqué as formas ornamentais de *circos* e de *rosetas*, *estrelas*, *hélices*..., están xa presentes nos séculos II, III e Baixo Imperio. Por qué, de súbito ó que semella, enchen ese período xermánico na parte noroccidental de Hispania. De seguro que xa de séculos imploraban no Noroeste. Non será Toledo o que propor-

cione o *sogueado* e as *rosetas* que chegan deica Mérida e ó Noroeste (Ars Hisp., 266), senón ó revés.

Sería entre os cenobitas iniciáis da *Rivoira Sacrata*, comenzando por *San Pedro de Rocas* (antes do 573), que se reelabora a arte do castro veciño, dispónboa a entrar en frisos, ménsulas e nos tenantes de altar (cf. Icon. visig. passim). E logo inflúe na arte mozárabe, árabe e incluso, ó que semella, a longa distancia, na lonxana, complicada miniatura do Eire (Ib. 135).

A arte dos sécs. VI-VII acibe de varias partes; do Norte de Africa e da Eirexa oriental, do mundo bizantino e do hispano-romano, pero, tanto ou máis do nativo e indíxena. O libro riscado en pedra, ó aire libre e con poucos símbolos, é acollido dentro e calibrado para fiéis e cregos; boa mostra *San Pedro de Nave*, Zamora (Ib. 126). Díos S. Gregorio Magno (Morales): *Sapientia quae Deus est, abscondita est ab oculis omnium viventium... et videri potuit per quasdam circumscriptas imagines*. É o mérito deses descoñecidos cenobitas, ó acomodaren as imaxes ó cristianismo, e a favor da arte.

## 1. UN CASTRO

Imos recurrir a moitos castros, base principal deste ensaio, mais coma resume analítica do conxunto, témonos que concretar de primeiras a un só. Vai ser o *castro de Cerdeira*.

Ubícase na estrema entre os concellos de Xunqueira de Ambía e Allariz; entre os lugares de Cerdeira, o máis cercano, e o de Requeixo; aqueles na conca da Arnoia, Cerdeira na da Limia, lagoa da Antela ou Bión, a gran *Baira*. Na contorna, o nome é só *O Castro*.

Trátase de un agudo outeiro de 724 m., de pinas bareiras; onde ten sido o correimento de terras moi grande, atobando o pasado. Está no cordal de montes que zebra ámbalas concas: a Arnoia á dereita e a Limia á esquerda.

Somente en superficie se teñen atopado elementos, non sendo por algunha cala circunstancial, subrepticia. Poboado dende o uso do muiño chairo e a cerámica manual, deica a *sigillata* e moedas de Marco Aurelio.

Hai insculturas primitivas na rocha, derradeiras á ocupación de morada quizás. Xebradas en dous grupos ben definidos, vense nos penedos insculturas ou petroglifos de serpes e de círcos concéntricos; estes bordean o castro, aquelas metidas nel. É o grupo quizás máis importante terra adentro, e o máis definido semanticamente.

Tamén no límite, unha gran pía megalítica na rocha nativa, que cumpliría unha función máxico-relixiosa de sauna, na curación naturalista.

Na *Casiña das Mouras* ficaban, aínda fináis do séc. XIX, paredes dunha casa-rella circular; no 1934 non era máis ca morea informe de pedra miuda esborrallada. Nela atopamos a suástica (fig. 1).

En traballos á percura de pedra coa que tapar as poulas, teñen ido aparecendo

alicerces dalgunha outra morada circular, pedra miuda, ou cadrangular, perpiaño pequeno e ben labrado; á beira deste a roseta (fig. 2). Tense atopado, a miudo en superficie, muiños chairos e redondos, pías e *cornicula* (que non “amarradoiros”) e elementos de portas, padieira ou lumieira, de debuxo encordado, suásticas e roseas. Cerámica, por todas partes, esmiuzada.

Entre estes elementos hai un que coidamos singular; gran parte do xugo dunha *fiestra xémea*, con *arquiño de ferradura*. Foi nos primeiros anos 80. E dúas moedas; unha de prata, ben conservada, de *Lucius Antestius Gragulus*, contemporánea do noso primeiro contacto con Roma (138-137 a. C.). Outra moi usada, un bronce de *Marco Aurelio* (161-180 d. C.). Podemos pensar que o castro fose abandonado a principios do séc. III.

Non sendo pola dita *fiestra e arco*, todo é ben acostumado nos castros do Noroeste hispano.

## 2. VÍAS ROMANAS

Unha gran importancia teñen sempre os camiños, medio difusorio de vida e de cultura. Son as cordoveas polas que todo implora e se vai espallando; lingua, relixión, arte. Boa guía e segura para sabermos da deriva seguida e dos primeiros avances. Se queremos saber con algo de fundamento cómo se espallan, compre sabermos deliñar primeiro aquelas rutas.

É hoxe parecer xeral que as correntes, xa protohistóricas, logo romanas, chegan ó Noroeste hispano dende a parte meridional da Península, e ó longo do Atlántico pola banda occidental. Son os fenicios, tartesios, gregos; logo é Décimo Xuño Bruto e todo o fluxo posterior, romano. Dende o primitivo comercio, petroglifos e megalitos, deica a lexión romana e, na súa compañía, comercio e novas crenzas relixiosas. Importa moito deliñar o seu trazado a partir de Braga, onde viñan bater.

Seguindo o *Itinerario de Antonino Augusto Carcalla*, de Braga a Astorga (Episc. Ast. I, 203), temos:

**Via XVII:** por Chaves (Aqua Flavias), Pentes na Gudiña (Pínetum), Castrelo cerca de Lubián (Compleutica), cara Astorga.

**Via XVIII:** a Vía Nova por Río Caldo e Lobios (Aquis Originis), Baños de Bande (Aquis Querquennis), Sandiás (Ad Géminas), Baños de Molgas (Ad Aquis Salientibus, vulgo Móllicas), Nemetóbriga (por Mendoia), cara o Bierzo (Bergidum) e Astorga (Asturica Augusta).

**Via XIX:** por Tui (Tude) a Cuntis (Ad Aquis Celenis), Iria Flavia e Lucus Augusti (Lugo), e polo Bierzo cara Astorga.

**Via XX:** per loca maritima, por Vigo (vicus Spacorum), Pontevedra (Ad duos pontes), algo cercana á costa e deica Brigantium (Os Bergantíños) e cara Lugo.

Ó menos dende o punto de vista aquí ollado, relixión e arte primitiva, é a XVIII a máis importante. A partir de Braga, temos á beira Montelius (s. VII), vindo a Santa Comba de Bande (s. VII), Ouvigo e Amiadoso (s. IV), Ambía e Val do Medo

(s. IV), *Asadur* (VI), *S. Pedro de Rocas* (573 e antes) coa *Rivoira Sacra* e *sartego de Temes* (s. IV-V) con *S. M. de Eiré* e *Atán* (s. X), *de Camba* (s. VII) Castro Caldelas; *Crismón de Quiroga* (s. IV-V), *S. Román de Ornixa* (s. VII, Bierzo)...

Vese o influxo temperá do Cristianismo á par da lexión romana coa introdución do culto a santos coma *S. Román*, *S. Mamede*, *S<sup>a</sup> Mariña*, *S. Martiño*...

O influxo cristián é evidente; as primeiras mostras de arte, evidencian, salvo importación ben determinada, que os elementos decorativos son os dos castros á beira. É este traspaso entre o mundo prechristian e o paleocristian, o que imos analizar.

### 3. SITUACIÓN NO SÉCULO IV-V

Polo chamado *edicto de Milán* (ano 313), o emperador *Constantino* libera á nacente Eirexa daquela longa opresión e persecución pagá. Dende este momento e intre o espallamento é xa público, co que xa pode valerse de tódolos medios materiais e culturais, de estes mormente os artísticos.

Son de primeiras os elementos decorativos, comúns. Son despóis e progresivamente, os mesmos implicados nalgún culto pagá. Cando xa se bota man e se cristianizan centros de culto pagá coma *Ambía* e mesmo *Ouvigo*, en Ourense, e *Bóveda* en Lugo. Polas lápidas na rexión dos *Interámnicos* na Alta Arnoia, medularmente cruzada pola *Via XVIII*, ímolo vernidamente confirmado.

Compre termos en conta a situación na *Gallaecia*, finais do séc. IV, e no séc. V, que é cando se dá a entrega do legado e a súa cristianización. A *Gallaecia*, xa dende o primeiro tercio do séc. IV foi relanzo de paz dentro do Imperio, como di C. Torres (G<sup>a</sup> sueva; 5). Hai castros que seguen habitados, en contacto cos motivos tradicionais, primitivos. De feito, tanto máis entramos en Galicia, menos aparecen influxos alleos ó Noroeste. A finais de século, é que impera *Teodosio* (natus in Cauca de Gallaecia); cando *Etheria* ou *Egeria*, unha daquelas primeiras *deo votas*, vai, da parte máis occidental de Hispania, en pelerinaxe á Terra Santa e Oriente cristián, primeira viaxeira con diario. Cando *Paulo Orosio*, galego e primeiro historiador, se dirixe ó Norte de Africa, e fala con *Santo Agostino*, e daquí a Palestina e trata con *San Xerome*. E *Idacio*, límico (in Lémica civitate natus) bispo de Chaves e autor do primeiro “crónicón”, en comunicación tamén con Palestina e, en nome dos *romani* galecos, coa Galia. Se algún influxo alleo chega, ben seguro temo-lo camiño.

E *Balconio*, *Prisciliano*, *San Fructuoso*, *San Valerio*, *S<sup>o</sup> Toribio*, *San Martiño de Dumio*... *San Braulio* de Zaragoza, cando se refire a este período, califica a Galicia de *magistra literarum*.

No séc. V, toda comunicación con Roma queda cortada; desaparece todo influxo romano, como di Schlunk (Ars. Hisp. 185). Daqueles *barbari* presentes, dos suebos, nin res se podía agardar neste aspecto; chegaban entre o 409 e o 411, en número coma de 25. 000, labregos en percura de terra. O mesmo Schlunk afirma

da arte visigótica: “Este arte no tiene nada de germánico; es de puro abolengo hispano-romano” (op. cit. 128). Coa conversión de *Reckiario* polo ano 447, fóndense os nativos, *galecos romanos*, cos *suebos*, sendo o primeiro “reino cristián de Europa”, antes ca o dos *francos* con *Clodoveo* (cf. G<sup>a</sup> sueva, 111 s.).

O traspase da arte que cai baixo a nosa ollada, dáse en parte áinda su dos romanos; en parte xa en tempo dos suebos, pero sen eles tomaren apenas parte.

#### 4. ARAS ROMANAS (cf. Limia, 239 s.)

A cristianización na rexión dos *Interamnici* ou *Inderambici*, celtas da *Ambía* e Arnoia superior, é no séc. IV e de xeito que podemos afirmar modélico. Xa dixemos que nun radio arredor do *Santuário dos Milagres*, inferior ós 5 kms., van xa oito lápidas aparecidas, salvadas nas eirexas, á beira do altar ou sosténdoo e indemnes. Unha delas transformada en honor de quen acaso fai tal troque e cristianización.

No templo prerrománico de *Santa Eufemia de Ambía*, feito e non só unha vez refeito, con misturanza de elementos xa dende os romanos, segue unha *ara ás ninfas*, facendo de *tenante de altar*. Aqueles devanceiros disimularon a paganía derradeira, volvéndoa coa letra cara baixo, invertida. A inscrición é crara:

AVRELIVS/FLAVS/TAMACANV/NYMPHYS/EX VOTO (Adícalle esta ara)  
por voto ás ninfas Aurelio Flavio dos Tamaganos, que son no Val de Monterréi,  
á beira do río Támega, por Tamagos e Tamaguelos.

É unha poderosa razón, xunto con outros elementos que se ven nos muros, para afirmarmos que se trata dun antigo lugar de culto ás augas, coma 50 m. desviado do seu primitivo asento. (Cf. Limia, 443 s.). Arredado do entorno lamacento, o templo está sobre laxa viva moi erosionada.

No lugar de orixe, hai unha fonte e distribución de pías sen razón aparente de ser, ó menos hoxe. É fonte das de mergullo, de tradición céltiga, tan frecuente na banda sur de Ourense, ben semellantes a esta. Está cuberta de bóveda de cañón, con arco frontal que amosa unha inscrición moi erosionada, en letra de tipo góticu, na que puidemos ler ó menos *DOMINUM*, esencial. Así, xa que é indíz de algúnsa relación co tema relixioso. Non se pudo recoller nova algúnsa de práctica ou crenza con resío de paganía, mais sabemos que nestes sitios as houbo (cf. De correct rustic., Apénd. Flórez, XV). Era o séc. VI.

O que cristianou a contorna, salvou esta ara (e quizás a de Ambía logo a él dedicada), levándoa con outros elementos do que puido ser un ninfario, ó novo lugar e asento actual, trocado en oratorio. A. de Castillo (BRAG, 209-10, 89-99) e M. Gómez Moreno (Nós 59, 196-8) dan o templo coma do séc. IX ou X, de influxo mozárabe sen teren en conta, porque os non viro, outros materiais coma a inscrición MINI C, quizás romana; partes de columna de bo toro e elementos visigóticos, coma unha *palmeta* (fig. 3) e o que foi título antigo, en letra grande de boa factura:

(Cruz grega) SCI SALVATORIS / SC(E MARIE) / SCE EVFEMIE

O primeiro e o terceiro consérvanse; parte do segundo, entre o paréntese, teño

algunha nova de se atopar nalgún formal de casa no lugar; ó menos SC existe. E sabido que a triple titularidade dese xeito, é propia dos templos desa época.

Que a disposición actual, inicio de arcos e compartimentación que supoñen, xunto coas fiestras, cadren coa arte do séc. IX-X, non proban que templo tan revolto sexa desa época; somente que o son eses elementos e a disposición. A *palmeta*, que é de orixe bizantina, vese en Santa Comba de Bande e S. P. de Nave(Ars. Hisp. II, 266, 296).

Así que en Santa Eufemia de Ambía hai elementos romanos, logo do VI-VII, visigodos e posteriores. E áinda fica algúin elemento máis polo pequeno lugar.

*San Martiño de Presqueira:* A pouco máis de 1 km. de S<sup>a</sup> Eufemia está o montiño chamado *San Vitoiro*, presidido pola ermida dese santo e o seu carballo. Ademáis, nun penedo á beira que semella quilla de barco, un rústico cruceiro e crucificado monolítico, todo sobre unha gran laxa a ras de terra, moi erosionada e con petroglifos de *circos concéntricos*. Non son os únicos neste pequeno montiño.

A 500 m. está Presqueira. No formal da cabeceira, contra o que apoia o retáculo, hai á beira da entrada á sacristía unha *ara romana*:

DIVS / MANIBVS P / OS TA / ARA F / FLAVI (ós) deuses Manes (foilles) posta a ara de Flaviano (fillo de) Flavio.

Aparecen as formas populares DIVS por DIBVS, coma en Santa Eufemia FLAVS por FLAVIVS, e POSTA por POSITA.

*San Pedro de Pías:* Tivo título de freiguesía antigamente, de anexa de Santa Baia de Escudadro. Hoxe namáis ca capela, con un curioso arco trunfal en ferradura propria, de brazos rectos e deica o soldado.

A pía da auga bieita é antiga *ara romana*, na que o focus foi alargado para a nova función. Non se ve inscrición; non quita que a teña na cara que arrima na parede.

Aquí mesmo, na pequena espadana, ó menos un dos pés dereitos, é unha *ara romana*, adicada a un deus celta e precelta:

TOROLO / COMBIC / IEGO. FLA / VIVS. FLA / VIANVS / VSML

Flavio Flaviano cumple voto a Torolo Combiciego con lecer.

Vese que hai *Flavios* de abondo neste Val do Medo. *Torolo* é un deus tópico, aquí das *Combicias* que, curiosamente é a gorbia e regueiro ou torrente que ven dar frente a Pías, da parte de o lugar de Calveliño do Monte de cheo na *bara da Serra*. Vese a relación co simple *Toro*, orónimo a 20 kms. na mesma *Serra*.

Tamén esta ara pagá, coma as derradeiras, se salva gracias á Eirexa primitiva.

*Santa Baia de Escudadro:* Pouco máis de 1 km. e temos esta eirexa parroquial. Unha *ara romana* que deica a segunda mitade do XIX estivo no altar da eirexa; daquela posta á entrada do adro, á dereita. Din que é de mármore; é de cuarzo, *coio vivo* opaco, razón pola que, sendo tan pouco profundo o riscado, se conserva en perfecto estado e vivo:

APRONIA RVFA / DOVAECIAE / PATERNAE F / ET TALAVIAE /  
FLAVINAE F / FC

Que é: Apronia Rufa coidóu que se fixese (a ara) a Dovecia filla de Paterna, e a Talavia filla de Flavina.

Choca olla-los nomes das fillas que son céltigos, e os das nais puro latín. ¿Cristiás estas, pero o pai pagán que encarga a Apronia Rufa o cometido? Outra ara pagá que salva a Eirexa.

*Santa Mariña de Asadur:* Importante lugar prerrománico, e por máis dunha razón, con resíos tardo romanos na orta á beira do adro da eirexa. Era cenobio familiar (de S. Rosendo) no séc. X, pois no ano 936 era *commorantem in monasterio Satur, Ximena*, que é filla de Ordoño II e dona Elvira Menéndez, curmá do Santo. A lápida de que imos falar, ten na parte superior a lenda *AEREDITARE* en letra visigótica que semella serodia (Limia, 407).

Do séc. VI hai un baixo relevo estudiado en Porta da Aira, nº4.

Tamén, abandonado, un grande sartego monolítico.

Na Edade Media, aquí radicaba un delegado do notario de El Rei en Allariz: en *Costa de Sadur*.

O que nos interesa aquí máis é a *lapida honorífica* que está sostendo o retáculo e ó tempo facendo de ara; tan grossa é. Deica o ano 1970, estivo escondida trala mesa do altar. Enorme bloque de 97 x 76 x 60 cm., ten unha inscrición de boa letra romana en perfecta conservación:

Q. LICINIO. VEC. II / RES. P. INT. / SVPER. ALIA. CON / PLVRA  
MERITA / PARES. CVM FISCO / RATIONES. INFATI / GABILI.  
CVRA ET / INDVSTRIA. PIVS / CONSECVTA

Di: A República dos *Interámnicos* (adica a lousa) ó duunviro de impostos reáis Quinto Licinio, que, sen deixar de ser honrado, á teima e con habilidade, conseguiu entre outros moitos méritos a recaudación axustada ó fisco.

Unha gran lápida e rara de contido, probablemente a quen era o cobrador de impostos nas minas do Conso sobre o río Tioira, a 4 kms., no Val do Medo, aquí facendo de *tenante de altar* e *locus de reliquias*.

*Ara cristianada de Ambía:* Aparecéu hai anos no faiado dunha casa, outrora dependencia do señor de Ambía. Hai coma sete anos que se levó ó museo de Ourense. Unha boa ara cuia inscrición (ás ninfas?) se repica polo séc. VI ou VII, por mor de honrar a un persoaxe venerable na contorna, de nome *Analso*. O *focus* da deidade pagá, alargado, convértese en *locus* cristiá onde ter as reliquias de alguém que xa se venera coma santo. Un auténtico *tenante de altar* e *altar* en sí mesmo. A inscrición, por partida dobre, está en letra romana, probablemente copiada da inscrición anterior, e en letra visigótica, contemporánea da adicación a *Analso*; a O é cruciforme, coma en  *SALVATORIS* de Santa Eufemia. Precede cruz grega. Así:

(Cruz grega) IN DEI / NNE / ANAL / SVM / ONOREM

Ou sexa: Honor a *Analso* en nome de Deus (fig. 4).

*Analso* é de orixe grega, nome místico, signum escollido polo seu significado. Ven do gr. *análosos/análotos*, part. de *analóo*, que é en lat. *anhelare, helare* ‘desexar, suspirar’; sería pois o valor buscado: ‘varón de desexos, o que suspira polo Señor’, mellor co que lle demos noutro lugar (Bol. Aur. XVII-XIX, 122): invencible.

Naturalmente non se trata de persoa viva, xa que son reliquias ás que se adica tal honor “en nome de Deus”. Ademais, polo texto e letras, romana e visgótica, que están sinalando término *a quo* e *ad quem*, vese que o persoaxe desaparecéu hai moito, ficando o recendo de santidade.

*In Dei nomine* é forma clásica, primitiva aínda, de consagración ó verdadeiro Deus, logo substituída pola popular, baixo latina: *In nomine Dei*.

Con esta redacción, ademais de ir precedido da cruz, alónxase toda sospeita de idolatría, contra o que algúns coida. Abonda con facer un emparellamento desta fórmula coaquelha de Presqueira:

- 1) Cruz *In Dei nomine Analsum honorem*
- 2) *Divs manibvs posta ara F. Flavi*

En data tan temperá (séc. IV ?), podemos sospeitar que se trate do evanxelizador da rexión dos Interámnicos. Cando esta ara se cristianiza, xa pasaran perto dos 300 anos con sona popular de venerabilidade; agora faise constar.

Os santos venerados na Eirexa máis primitiva son os *mártires*. Símbolo de heroicidade e fidelidade a Cristo, son “testemuñas da fé”. O aniversario da súa morte era celebrado onde as súas reliquias. Mais logo se fai o mesmo cos *confesores* polo exemplo de vida e predicación; a veneración sentida por aqueles *santos mártires* transfírese ós *santos confesores* entre os sécs. VI-VII (H<sup>o</sup>Igl., 269, 277, 850), anque xa polo ano 450 aparece unha lista con cerca de 6.000 santos (Martiroloxo Xerominiano). Non todos son mártires (Ib. 801).

Os procesos e declaración oficial de santidade pola Eirexa son do séc. XII. Non hai que agardar nestas datas a declaración propia de santidade; era un consenso xeral dos cristiáns o que decidía sobre a veneración, pola vida e milagres daqueles que xa morreran. E neste aspecto, non serán moitos os *santos* pola aclamación popular, tan testemuñados coma *Analso*.

#### 4. TAMPAS DE ESTOLA (lam. 1)

Este interesante tema relixioso e de arte, con algún influxo local, xorde lonxe de Galicia, pero é aquí onde semella inzar realmente. A diferencia de outros, cristianizados, este nace xa de raíz cristián; xorde coa Eirexa, nas mesmas catacumbas, coa figura do *orante*, en ambiente funerario.

A figura do orante é unha das poucas representadas xa nas catacumbas de Roma. Os primeiros cristiáns oran coas mans ergueitas (Eusebio de Cesarea), mirando cara o sol nacente, de Cristo figura e da gloria celeste. Tal é tamén a razón das eirexas ter orientada a cabeceira cara o leste, coa entrada cara pardosol.

O orante é coma unha pietas clásica, pero dirixíndose a Cristo en oración. Prototipo, Daniel no foxo dos leóns, pois o cristián ha de orar sempre e más no intre de morrer. Aqueles cristiáns acollidos nas catacumbas vivían de continuo ameazados de morte pola persecución. Daí a representación da alma orante; no século IV é frecuente nas catacumbas esta figura, que se pinta ou esculpe sobre os sartegos, más ou menos estilizada (Hist. de l'art, 57). É aquí onde xorde a imaxe orante incorpórea, ás veces con entorno de follaxe, aves, trazos xeométricos.

Parece ser que xa nalgún petroglifo de Campo Lameiro, Pont., (Necróp. 40s.) se ve tamén representado o difunto de forma moi estilizada, figurado por circo e liña. Sería un precedente no mundo antigo, parello á *pietas pagá*, latina, en relación cos familiares defuntos, proba da crenza nunha vida despóis desta, inmortalidade da alma, que, confusa ten aniñado na humanidade dende sempre.

Así temos, aínda que non estean craras as vías, ó *orante* xa na tampa do sartego; o corpo espiritualizado do defunto, cada vez máis estilizado por incorpóreo, que polo mesmo se desconecta da realidade física. A estilización progresiva acaba por troca-la imaxe en mero símbolo sen claves coas que poder descodificalo. Cun esquema a base de tampas existentes en Galicia (Necróp. 32- 33), coido que a evolución se fai intelixible. Nunha tampa que se achou nos *Fornos de Armea*, Our., aínda se poden identificar cabeza e brazos en alto. En risco ou en relevo, os trazos son os que representan corpo e extremidades; o máis xeral é unha banda que se bifurca perto da cabeza e dos pés da tampa. Pola semellanza da ueste litúrxica contemporánea, visigótica, levan o nome de *tampas de estola*, sen ren que ver coela. (lam. 1 e fot. 5)

Chamoso Lamas (op. cit. 433s, 440, 442, 447) dille *tampas de estola* ou *dobre estola*; frecuentes nos séculos VI-VII. Abundan mormente na Galicia sueba, a miúdo con símbolos que poden tamén sélo xa precristiáns. (G<sup>a</sup> Sueva, 283-4). Na necrópole de S. S. da Roza, en Medeiros, Our. (Necróp. 17, nº5) a cabeza aparece representada por semicírculos concéntricos, coma na nº 6; na cabeceira, lateráis, hai dúas cruces gamadas ou suásticas afrontadas. A nº 6 leva coma única inscrición ACELINO en grafía retrógrada: “a *Acelino*”, nome romano; súa tampa flanquéase de sinos en ferradura, igual ca nas nº9 e 10 (ib. . 18). Esta do nº 10, tamén de neno, aparece con nome:FOSCI, de *Fusco*, nome ben latino, e ós pés, na parte de fora, semella estar representada a serpe.

Nunha tampa hoxe no Museo de Ourense, o motivo central ó longo é o de SS en banda e con zigue zague cruzada, frecuentes tamén na decoración castreña. Por cabeza, tres círculos concéntricos con punto central, do máis socorrido na nosa inscultura rupestre.

Poida que algún destes sinos se deban a influxo priscilianista do séc. V.

Dúas suásticas aparecen aínda na tampa sepulral de MODESA, de Tui (no Museo de Pontevedra) de época máis serodia ca estas de S. S. da Roza (Necróp. 33).

A ferradura, os circos sinxelos e concéntricos, e mormente os ofidios, vense nos dolmens da Bretaña francesa, con ben evidente semántica funeraria.

## 5. DECORACIÓN CASTREÑA NA ARTE

É nos castros que xongue o mundo romano co prerromano. Vimos cómo na ara de Escudro, os nomes das fillas, *Dovecia* e *Talavia*, son prelatinos, e os das nais, Paterna e Flavina, latinos. En Pías é un deus precelta e celta, *Toro lo Combiciego*, ó que un romano *Flavio* lle adica a súa ara. Non hai solución de continuidade, nin na vida nin na súa varia manifestación. O Noroeste hispano, xa alonxado do epicentro político e cultural que era Roma, unha vez crebada aquela débil baraza, vese na obriga de recurrir a aquel acervo xa herdado dos devanceiros.

Os romanos e o paleocristianismo recollen do legado nativo, as lúas, *soles*, *discos*, *rosáceas*, *suásticas*, *espiráis*, *encordados* e *adornos en espiga* (Necróp. 28).

Nos castros, di F. López Cuevillas (H<sup>a</sup>G<sup>a</sup>, 3, 456-7) decórarse con *sogueado*, *entrelazo*, *SSS*, *circos*... “escultura de longa perduranza que a través da arte da época román, do visigótico e mozárabe, chegou quizás ó inicio do románico”. Cf. tamén Habitat, 96-97.

Obrigado resulta aquí facer un escruto polos castros galegos onde comprobar os elementos que se van transferir ós novos muimentos cristiáns, nidiamente presentes nos sécs. VI e VII.

Nalgunha casa do Castro de Cendufe, Arcos de Valdevèz, Minho, as padieiras e lumieiras, vense adornadas de *encordado*, *SSS*, con *espiña de peixe* ou *espiga*, *circos á fileira*, *meandros* (H<sup>a</sup> G<sup>a</sup>, 457). Os mesmos motivos se poden ver noutros castros: de Cerdeira, Armea, Rubiás (Our.), Troña, Santa Trega (Pont.); nos de Briteiros, Vermoim (Port.)... chegando ó de Valtuille no Bierzo (Civil. Célt p. 256). Estes castros parecen localizarse más ben no Minho, ó Norte de Portugal, e polo Sur de Galicia, como hemos de ver ó respasarmos os más significativos deles; onde tales motivos se teñen atopado.

Por mor dunha más grande craridade, imos clasifica-los motivos:

### a) Encordado ou sogueado:

Este recurso estilístico, tan socorrido na etapa suebo-gótica, que inxa deixa fartarse no estilo asturiano, propio de castros e citanias, aínda non aparece en insculturas ó aire libre. Vese naqueles decorando padieiras e lumieiras de portas (Cult. castr. 180). Ten vía libre polo mesmo feito de ser un puro adorno sen connotación semántica algúns. Aparece en *corda de dous bós* e de *espiga*; en entrelazos más ou menos complicados. (Cf. grupo A)

Anacos de *friso encordado* teñen aparecido en Castromao, castro de Rubiás, etc. con fermosos entrelazos.

Na citania de Briteiros, Guimarães, vense padieiras de porta con *sogueado* e combinación de *entrelazos*, igual ca na Cividade de Ancora.

Nun detallado traballo sobre a *plástica castreña*, a partir dos materiais deica hoxe atopados (Cult. castr. passim) rexistra F. Calo Lourido un gran número de pezas *sogueadas*, de *dobre bío* ou *en espiga* e *entrelazo*, nos castros de:

Rubiás, Cerdeira, Castromao, Beiro, Santa Agueda, Our.

Monte do Castro, Gaxate, e no da Forca da Guarda, Pont.

Ancora, Briteiros, Paleagas en Marco de Canaveses, Castelo de Lanhoso, Sanfins, Sabroso e Monte Mozinho, N. de Port.

Son 2 pezas do Castro de Cerdeira; 4 en Briteiros, 4 en Sabroso, 4 en Sanfins (incluíndo un dobre cordado que vai ó bordo da entrada da *pedra formosa*). En Monte Mozinho, perto de Penafiel, vese ata 60 veces (sic) o *sogueado* ou *cordado*.

Tamén na *pedra formosa* de Lardoura, N. Port., se ve a *corda*, aquí a sinxelo pero contorneando toda a peza (Civil. Célt. Lám. XXIII). O decorado de *corda* e *arco de ferradura* (cf. altar de S. P. de Rocas) vese en varias estelas funerarias do Noroeste.

Tamén na cerámica castreña se usa esta decoración *funicular* ou de *corda* (Civil. Célt. 165).

Onde primeiro se ve o *encordado* ou *sogueado* coma un elemento decorativo na arte cristiana, é en S. Pedro de Rocas. Na que se di ara fundacional do ano 573, onde constan os cenobitas que nese intre alí moran, vese a *corda de dobre bío* contorneando a lousa; da *corda* pende a cruz grega partindo a inscrición, todo sen solución de continuidade. Todo de boa factura.

Tamén aquí, e non hai por qué o xebrar da ara, da que sería copiado, está o “altar” co seu *loculus* das reliquias. Mellor dito *tenante de altar*, a semellanza do chamado *altar visigótico* de Mixós, ara romana transformada con debuxo de tampa sepulcral o mesmo ca xa describida de Ambía. Poida que de aquí xurdise o costume dos tenantes-altar, no paleocristiano mesa de 4 pés.

O corpulento tenante ou altar granítico de Rocas aparece decorado nas súas 4 caras por senllos pares de *arquiños de ferradura*, cuyas coluniñas -precedente da arte asturiana- son grossa *corda de doubs*; pola base tamén a *corda* cingue a ara. De seguro que se trata da ara de consagración do templo hipoxeo. As dúas importantes pezas de S. P. de Rocas están hoxe no Museo Arq. de Ourense.

O *encordado* vese tamén nun friso exterior de San Fructuoso de Montelios á beira de Braga.

É de notar que nos nosos castros un bo número de *suásticas* e *rosetas* aparecen inscritas dentro de *circo encordado*; no de S<sup>a</sup> Tegra, Pont., descubrí C. de Mergelina polo menos 4 (trisquele, roseta, entrelazo) destas. Como vemos, son tamén *entrelazos*, dos que recurren nas Illas Británicas con fin decorativo. (Cf. Lám. XXI, XXII, Civil. Célt.).

Estes *circos sogueados* con *roseta* inscrita e outros motivos, vense nos frisos en S. P. de Nave, Zamora (Icon. visig. 71, 95) e nos exteriores de S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Quintanilla de Viñas, Burg.; trátase de *corda* de 2 bíos, que vai determinando os circos sen

solución de continuidade. A dobre *corda* é o que determina alfiz e arcos de ferradura na fiestra da cabeceira de S. S. de Valdediós (cf. Hist. Arte, Varios, Ed. Anaya, 1979, p. 108, 127). (cf. grupo A.)

Incluso, cousa más rara, chega a *corda* ós capitéis; así se ve no capitel de Setecoros, conservado no Museo de Pontevedra. Xa se ve de colariño na *suástica* de Armea. (cf. grupo A)

Pero o estilo que más usa do *sogueado* ou *encordado* é o do reino de Asturias ou *asturiano*. A fiestra xémea que hai en S. S. de Valdediós, con *arcos de ferradura*, leva *encordado sobre* que vai enmarcando alfiz e arcos. En S. M. de Lillo, esceas e decorado se encerran tamén coa *corda de 2 bicos*; vese dobre no clípeo do Monte Naranco, parte externa e interna. En Santa María, a columna é *corda* coma en S. P. de Rocas; tamén aparece en S<sup>a</sup> C. de Lena.

Nun relevo na ousia da Sé de Lisboa, a *corda* contornea unha gran placa, columiña e roseta en arco de ferradura (Icon. visig., p. 60).

Este decorado de *cordón* vese na xoiería castreña; aparece nas arracadas de Irigo e Vilar de Santos, Our., e nas de Bretoña, Lu. Vémolo nun bronce de Moraime, Co., e no visigótico, tamén bronce, no Museo de Lugo. (Cf. Lám. XXXIX, Civil. Célt.).

### b) Suásticas

A suástica é de orixe moi antiga, ó parecer indoeuropea. Vese na simboloxía indohermánica con semántica funeraria. Frecuente no mundo celta; está presente na cultura da Téne.

Nos castros do sur de Galicia e N. de Portugal hai unha gran variedade de *suásticas*; ás veces *espiráis* libres. Coma a *roseta* de que logo diremos, os nosos devaneiros púñanas emperradas no formal dianteiro da casa, sobresaíndo o circulo decorado. Tense interpretado coma símbolo no ciclo vital de morte e rexurdir (Habitat, 98). De valor profiláctico, é a representación do sol; amuleto cotián e adorno da persoa, preventivo de males que nos asexan coma as figas de hoxe (H<sup>a</sup> G<sup>a</sup>, 3, 457-9).

A *suástica* propia non se rexistra en petroglifos, pero sí os *espiráis*, por ex. en rochas de Baiona, Po., e en dolménns, coma o de Afife, N. de Port., e a Mámoa do Rei, Castiñeiras, Po. Nesta vese o risco en zigue zague, tan común na cerámica: S. C. das Las, Troña, Sabroso... e deica a Armórica (Civil. Célt. 168-9, 254).

Elemento profiláctico o máis frecuente, tense rexistrado nos castros (Cf. Cult. castr. passim; cf. grupo B):

Baltar, Rubiás, Cerdeira, Arméa, Castromao, Outeiro de S. Marcos da Mezquita, Our.

Santa Trega, Troña (Pont.).

Briteiros, Monte Redondo de Guisande, Braga, Paderne de Melgaço e Monte Mozinho de Penafiel, N. de Portugal.

Son 5 no castro de Rubiás (H<sup>a</sup> G<sup>a</sup>, 3, 457), coma no de M. Mozinho; 1 é fla-

meante no de Rubiás. Tamén son flameantes as 2 aparecidas no castro de Cerdeira, e unha de S<sup>a</sup> Trega, onde 4 son trísqueles. En ningún castro teñen aparecido tantas coma no de Arméa; máis de 50 entre propias e rosetas excavou F. Conde-Valbís; dous son trísqueles (Arméa, 22, 25).

A suástica, pola dirección dos seus raios, pode ser destrorsa e sinestrora; polo número de raios, de 3, 6 ou máis, en xeral dentro de circlo. Hai que apuntar unha suástica de Paderne, Melgaço: está inscrita en disco funicular ou *corda*. Se envolventes os raios, díselle *suástica flameante*.

Aquela aplicación funeraria primitiva pasa ó mundo romano; ás catacumbas incluso, onde se ve a cruz gamada. Xa atrás vimos que está presente en sartegos baixo romanos e ainda posteriores; no sartego dun neno, ACELINO, dúas (Necróp. 17). Entra na funeraria cristiá coma algo atávico, quizais de man priscilianista.

Por debuxo de Melchor de Prado, vemos nunha placa de Cabeza de Griego (Cuenca), *suásticas* dentro de circlo (Icon. visig. 61).

Xa sen valor semántico oculto, namáis acaso coma símbolo do sol, vese no relevo do séc. IV ou V, en Adái; 2 flameantes nunha ménsula visigótica de S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Pallares, Lu. Aparece en S. X. en Cachón, á esquerda do Sil; incluso chega ó capitel, como é o caso do de Seteventos, Lu. Tamén nunha ménsula do antigo mosteiro de S. M. de Canal, Ribas de Sil, Lu., hai unha suástica de bo tamaño, inscrita en circlo. Fora de Galicia en S. P. de Nave (Icon. visig., p. 71, 95, 100), en circlo de corda, ás veces continua. (cf. grupo B)

En ningures chega a *suástica* a tanta elegancia decorativa, coma no mozárabe de S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Vilanova e capela de S. Miguel de Celanova. No beiril, moi saínte, que apoia en modillón de roleos, alternan *suástica* e *roseta*, de maior a menor en gran número. Son coma 8 roleos por modillón de sobre cabeza decorada, o que dá máis de 400 figuras xeométricas desta clase, todas dentro dun circlo e de 6 puntas. Un modillón de Vilanova gárdase no Museo de Ourense.

Tamén nun arco de S. M. de Lillo hai *suásticas* e *rosetas* que se inscriben en circos, todo abeirado da inescusável *corda*. (Summa Artis, VIII, 447).

Do século XIV vese no tímpano da portada da eirexa condal de Monterréi; no campo aparecen 2 *suásticas* así coma nos roleos da arquivolta media, onde alternan con *rosetas* (Guía Mont., 65-7).

Aínda usa da *suástica* e da *roseta*, inseparables, o Renacemento; vémolas, maiores e dentro de circlo, no friso da portada frontal das eirexas da Mezquita e Vila Vella das Frieiras, Our.

Compre sobrancea-lo *trísquele*, de 3 raios, tan frecuente coma a suástica de 6. Hainos entre as suásticas citadas, e outros coma 3 de Castillón, Lu., en Barbantes, Our. e Cidá de Sabanle, Creciente en Pont. No N. de Portugal hai en Ancora, Cortinhas de Alijó (2), Monte Mozinho (3), Paço de Correlhâ, Sabroso e Sanfins.

Algunha vez chega á función de celosía, e non mero debuxo. Así os *trísqueles*:

de S. Cibráu das Las (sinestrorso), 1 das 5 que se atoparon no Castromao (destrorso) e unha das de Briteiros. (cf. grupo B)

A función de celosía que tivo o *trisquele* calado, reaparece na arte cristiá e nel se inspira a fiestra de S<sup>a</sup> Comba de Bande. En S. E. de Atán, e fora de Galicia: S. M. de Escalada, S. X. de Baños de Cerrato, etc. E deica e Edade Media, por ex. na eirexa de Morgade de Limia, Our.

Tamén se usó a *suástica* na orfebrería antiga; no castro de S. Ovidio de Fafe, o broche circular dun guerreiro céltigo, leva unha *suástica* de 6 raios destroros dentro de circulo, de adorno. O mesmo o guerreiro de Campos, Boticas, tamén N. de Port., mais aquí sen circulo (cf. Arméa, 56, 58; cf. grupo B)

Chega á orfebrería litúxica; a patena de bronce, visigótica, do Museo de Lugo, está decorada no seu centro con suástica de 20 raios.

### c) Rosetas

Como vimos, *rosetas* e *suásticas* alternan na decoración cando aparecen, nos castros, nas estelas ou laudas romanas e na arte cristiá praticamente de todos os tempos. Sino astral en xeral.

Nos castros a súa función é a mesma, pero semella máis serodia e xa de castros romanizados. A orixe é tan antiga, mais o seu desenrollo é serodio. Vese, por ex., nun baixo relevo caldeo en Síppara, 800 a. C. (Armea, 22). No castro de Arméa, un daqueles guerreiros céltigos (ib. fig. 9) leva *rodela* con *roseta*. En S. X. de Vicela, Minho, na rodela do guerreiro aparece a *roseta* cos seus raios rectos dentro de circos concéntricos. Pola contra o guerreiro de Cendufe (ib. 55) ten na *rodela* un adorno de catro sectores dentro de circulo; vese nas moedas coloniais romanas e inza moito nos *trientes* suebos.

Na *roseta* ou *rosácea*, e daí o nome, é más común o teren follas ou pétalos lanceolados, rectos, ca raios, en xeral 6 sempre nun circulo incluídos. As medidas, coma no caso das suásticas, son moi repetidas, pero de menor diámetro; cada unha coa súa proxección para empurrar nos formáis das casas. Tamén en xeral son de unha factura más cuidada; hainas moi evolucionadas. Do Castro de Cerdeira hai unha de 3 espirais libres e sen centro; está entre roseta e suástica, xa puro adorno doméstico.

No castro de S<sup>a</sup> Trega vese a *roseta* de 6 pétalos con un circulo *encordado de sobre bío*; tamén 6 *rosáceas* de espirais libres (cf. Lám. XXI, Civil. Célt.). Xa vimos cómo perviven na arte, mesmo *sogueadas*.

Nos castros, *rosetas* e *rosáceas*, en xeral dentro de circulo, tense atopado na parte sur de Galicia e Minho (cf. Cult. castr. passim):

Barbantes, S. C. Lás, Armea (moitas), Castromao (3), Cerdeira (2), Rubiás de Bande, Our.

Santa Trega, Troña, Pont.

Ancora, Briteiros (4), M. Mozinho, M. Redondo de Guisande, N. Port.

No Castro de Cerdeira atopamos unha *roseta* (1986) sofisticada, de precisión calibrada; é de 6 brazos configurando 6 rombos entrantes. Aparecélle á beira do que eran alicerces dunha casa romana ben labrada, co seu terminal de empellar na parede.

A *roseta* pasa dos castros ás estelas funerarias romanas, cos *discos* ou *circos*. Xa nos sécs. II e III aparecen *rosetas* de 6 pétalos, a miúdo inscritas en circo, anque non sempre. Vese nas estelas do Museo Castrelos de Vigo (cf. Lám. LXIV, Civil. Célt. e Estelas fun. de G<sup>a</sup>, IEO, 1974, Lám.). Vese na estela de Monterréi (Guía Mont., 10) e sobre todo na de Oza dos Ríos, Co. (nº 63, Corp. Inscr. roms. G<sup>a</sup>, I, Sgo. 1991) na que se representan nada menos ca 18 sinos astráis, entre eles 7 son *rosetas*.

En tempos paleocristiás pasan da lauda pagá á tampa cristiá, *rosetas* e *discos astráis*, mormente no Noroeste (Blázquez, 187).

No templo paleocrstiano de S<sup>a</sup> Baia de Bóveda, Lu. (séc. V), entre a decoración xeométrica vese a de *circos* con *roseta* inscrita; e follaxe e racimos.

No sartego cristián da Sé de Braga (séc. IV) a decoración das cabeceiras consta de xarrón (árbores de vida), crismón (Cristo) con *rosáceas* ou *rosetas* no campo (Brác. Aug. II, 4).

Nos tres frisos ó exterior en S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Quintanilla de Viñas (do séc. VII) diezas de circos sogueados, continuos, encerrán tamén *rosetas*, unhas 10 de a 6 pétalos, coma as que vimos no Castro de Santa Trega, Pont. Tamén se ve nos frisos de S. P. de Nave dentro de circo encordado (Icon. visig. 71, 95, 100).

E tamén a *roseta*, coma o *trisquele* e o *arco de ferradura*, acaba por ser perforeado, para permiti-lo paso da luz coa función de celosía. Así aparece na fermosa fiestra de S. Xes de Francelos. (cf. grupo A). A *roseta* e a *suástica* vense en S. X. de Cachón, á esquerda do Sil á beira do mosteiro de S<sup>a</sup> Estevo de Ribas de Sil.

Onde recibe trato esquisito é en Celanova, como xa vimos ó falar da *suástica*. Alí alterna nos róleos de cada modillón en número igual a aquellas; centos, todas dentro do seu circo. Es en S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Vilanova. (cf. grupo B)

No románico tamén se ve a *roseta* decorativa, coma en Santiago de Barbadelo, Saria; *rosáceas* e *rosetas* se ven aquí inscritas en circos (Bol. Mon. Lu. III, 28); en S<sup>o</sup> Tomé de Serantes, Leiro, Our., é unha *roseta* centrada na cruz que hai no tímpano (Bol. Aur. X, 73s.)

Tamén na portada da eirexa de Monterréi, ademais das 2 *suásticas* no tímpano, os róleos da arquivolta media portan as *rosetas* e as *suásticas*, coma nos de Celanova 5 séculos antes (Guía Mont. p. 65-67).

O imbricamento de elementos decorativos e interfluxos pódese ver ben en San Miguel de Celanova, onde podíamos afirmar que “a pé de castro” aparecen *rosetas* e *suásticas* nese aleiro saínte que trai a arte arábiga. Mais a cerrazón do *arco de ferradura* co seu *alfiz* mozárabe, que se di de influxo arábigo, son á súa vez, a través do galeco-romano, de orixe xa castreña, recreados.

O tema perdura no Renacemento. Xa vimos, por ex., cómo alternan e campan *rosetas* e *suásticas* nas metopas do friso da portada principal da Mezquita das Frieiras; na de Vila Vella son seis *rosáceas* e no seu centro dous animais fantásticos afrontados.

A *roseta estrelada* vese nas tampas de adros de freiguesías ruráis de Galicia, deixa cáixeque os nosos días.

#### d) Outros motivos

Motivo moi frecuente dos petroglifos do Noroeste, mormente concentrados no SO. de Pontevedra, é o de *circos, rodas e circos concéntricos* de 2 ou máis aros. E nos castros decoración en SSS que falta ó aire libre. Pola contra, en algún castro sí que se ven *circos*, cujo simbolismo, coma na *suástica e roseta*, é solar, co que pasará á funeraria romana e arte paleocristiá. (cf. grupo D)

No Castro de Cerdeira, xa dixemos que sendo doux os grupos de insculturas, o de *circos concéntricos* mantense compacto e fora do castro propio. Pero temos que sobrancear un grupo de catro no chamado polo pobo a *Pedra do Sol*, xa que parece dar razón en sí mesmo do seu nome(CEG, 78, 29-32); os tres cara o nacente son pequenos, de 0,15-0,20 de diá., e 2 *aros concéntricos*; o cuarto e último cara o por do sol, é grande, de 0. 60 de diá. e 9 aros. Coido que agrara a súa semántica por sí mesmo. (cf. grupo D)

Nos sonados petroglifos de Campo Lameiro, Po., vese un cervo na Rotea de Mendo que porta 2 motivos: un sinxelo, menor, no cadril traseiro; o outro, algo mor, interior cruciforme, na paletilla de diante.

Aparece o *circo* tamén nos castros de Briteiros e de Sanfins, N. de Port. (cf. Cult. castr. passim).

Na cerámica castreña foi simple recurso decorativo; vese en moitos lugares. Pode ser de *circos, semicircos, circos radiados ou radiantes, e circos concéntricos*. No de Castromao son *circos* sinxelos ((Civil. Célt. 165).

Nalgunha anta megalítica da Barbanza aparece o circo grabado; mesmo na outra banda, ó norte desta Serra, atopouse no M. Dodro de Porto do Son, unha ara votiva funeraria, romana, cuia parte superior está abeirada por senllos *circos concéntricos*.

Os romanos recollen dos nativos *soles, discos, rosáceas...* Pasa á funeraria romana e arte paleocristiá co simbolismo solar (Cf. H<sup>a</sup>G<sup>a</sup>, 3, 457-9).

Vese sobexo tal sino na estela funeraria de Oza dos Ríos, Co. (Corpus Inscr. rom. G<sup>a</sup>, I, nº63), onde son 18 os sinos astráis, dos que once son *circos concéntricos*, e na de Baña, xa prerromana. (cf. grupo D)

E das laudas pagás romanas pasa ás tampas cristiás, mormente no Noroeste (Blázquez, 187).

O recurso decorativo de SSS, que non aparece nas insculturas, sí que se ve nos castros coma elemento decorativo, desprovisto de connotación algúnsa, ó que semella. Pode decorar padieiras e lumieiras de portas. Así no Castro de Viana do Castelo (Arméa, p. 59) e nunha lumieira na ermida de S. Lourenzo, Fondo de Vila, Xunqueira de Ambía, vinda dalgún castro. (cf. grupo D)

Este debuxo vese (cf. Cult. castr. passim) nos castros:

S. C. das Lás, Castromao, Outeiro de S. Marcos, Mezquita, Our.

Montalegre, Domaio, Pont.

Briteiros, Cendufe e Monte Redondo de Guisande, Braga, N. Port.

Aparece moito coma decoración da cerámica castreña, sempre en series continuas (Civil. Célt. 165).

Hai no Museo Arq. de Ourense unha lauda sepulcral moi antiga, sen sinal algúns cristián, cujo motivo lonxitudinal é de SSS, a continuación dun zigue zague, entre dúas bandas paralelas. Na parte da cabeza remata por *semicircos concéntricos*. (cf. grupo D)

#### e) Os ofídios

Tema profiláctico, relixioso, antiquísimo, este da *ofiolatría*. Foron mesmo estes valores semánticos tan sesgados, os que non permitiron que fose assumido polo cristianismo. A *serpe*, ademáis é reptil amaldizado dende o pecado orixinal.

A *ofiolatría* estivo espallada xustamente no Noroeste hispano (Portugal, Galicia, Asturias) e pola Bretaña e no Eire (CEG, 84, p. 80-81). Tal a razón de os gregos lle chamar ó NO. *Ophiusa*. O tema foi ben estudiado por F. López Cuevillas e F. Bouza Brey en “Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza”. (cf. grupo D)

Nas insculturas ou petroglifos do Noroeste sí que aparece o motivo representando a miúdo. Dúas *serpes* aparecen no Coto de Penalba, en Pontevedra; no castro de Troña; nun dolmen de Monte Aros, sobre Marín, *ofídios*, coma en antas de Lugo e dolmens do Eire... (Limia p. 140).

En ningún lugar quizás tan significativamente coma no Castro de Cerdeira. Xa dixemos que son dous os grupos de graburas, ben catracterizados, xebrados ambos. O de *circos concéntricos* e este de *ofídios*. Este atópase dentro do perímetro castreño, presidido dende arriba por un pequeno penedo no que repta un cobrón, “con alas”. Nas demáis rochas son pequenos *ofídios*.

O curioso é que a xente garda a consella de que no Castro, na “Casiña das Mouras” esborrallada, vive un “cobrón que voa” sen saber da grabura no penedo.

Entre os perpiáños da ermida de San Mamede no cume da Serra epónima, á hora de erguela das ruinas xa máis ca centenarias, atopouse unha pedra cun *cobrón* do que ninguén sabía, nin ten lenda algúnhela; é posible que fose a razón da cristianización deste curuto, a dez ou máis kms. do val: un antigo culto de *ofiolatría*. Nunha mesa de lousa que houbo nos Fornos de Armea, por novas verbáis do Ruca de Valverde, tamén se vía hai 80 anos unha gran *serpe*.

Xa enriba dixemos que no sartego do neno FOSCI, ós pés aparece unha pequena *serpe* graburada. Noutro sartego excavado na ermida de S<sup>a</sup> Marta de Lucenza, Cualedro, dise que dentro había un ofidio depositado.

A *serpe* vese nalgún capitel e canzorro; así no ábside de Sgo. de Allariz. Mais, nestes casos, coma en tódolos cruceiros do NO a razón é bíblica:representación do demo vencido pola cruz.

## 7. FIESTRA XÉMEA E ARCO DE FERRADURA

A peza que agora comentamos é única. Atopámola a principio dos 80 no Castro de Cerdeira, no lado norte. Xa dixemos que o castro debéu de estar habitado, todo o máis, deica os primeiros anos do século III de C.

Trátase do xugo ou parte superior monolítica, dunha *fiestra* de dous *arcos* xémeos, ultrasemicirculares. Tallada en pedra grá viva da que hai de abondo nestes montes, a parte conservada, algo máis da mitade da peza orixinal, é suficiente, por arco e debuxos, para recompoñer con seguridade o conxunto.

Medidas:

De ancho: 0. 23 - longo: 0. 42'5 - grosso: 0. 11

Deica o centro: 0. 33 - longo total suposto: 0. 66

Diámetro do arco: 08'7 (no intradós)

Alto de fiestra: 0. 70 (calculado) (ver figs. grupo E)

De medidas e ángulos resultan arcos algo descentrados entre sí. O arco que se conserva sobrepasa o semicírculo, mais non chega ó tercio do radio polo desgaste que foi matando a viveza no ángulo.

O intradós non está ben labrado, así coma a rosca que o rodea querendo ser paralela sen o conseguir. Pola contra, a media cana que a determina está ben riscada seguindo ó arco, do que xebra na parte superior. Esta rosca está só iniciada arredor do outro óculo, que falta por rotura; da rosca fican 0.10, suficientes coma indiz seguro.

Outra rosca, media cana exterior, empeza paralela á dita deica sobrepasa-la media vertical do arquiño, segundo recta pero algo deprimida da horizontal; acollendo, do mesmo xeito ca o xa describido, ó arquiño que falta e que debía resultar un pouco descentrado e mor.

Sendo partes equivalentes as que faltan, debido ó anaco que se rompéu, é obrigado supoñelos. Todo está craramente suixerido por arquiño e media cana existentes. Non é preciso inventar ren.

*Parte inferior:*

A parte de xugo existente dá, polo apoio e empate na parte inferior, a forma de pilastra do axímez, non o longo por suposto que podemos calcular proporcionalmente en 0.70; a pilastra era de 0.10 de ancho, plana, seguindo o que ten o empate do xugo. A separación entre pilastras: de 0.10.

O paso de luz, tendo en conta esta abertura e o ollo do arquiño era moi pouca; namáis ca unha celosía, coma nos trísqueles enriba citados (de Celanova, S. C. das Lás, etc.)

Nesta partición binaria con arco xéneo de ferradura, ten orixe a fiestra de axi-

mez, que se ve no prerrománico da Siota, Ambía, Reza a Vella, S. X. de Camba... mozárabe, árabe e astur. No arco e seu entorno están tódolos elementos desenrolados nos estilos citados: *arco de ferradura* coa súa moldura rodeando o óculo, o elemento principal de decoración, por ex. en Santa Eufemia.

A media cana exterior ou rosca, que abrangue ámbolos dous arcos, suxire xa o que vai ser *alfiz* árabe, de quen o copiarán tanto o asturiano coma o mozárabe. Resulta ser o principal recurso decorativo da arte árabe, que no *arrabá* desenrola súa desbordante imaxinación e riqueza ormanetal, simple campo na arte cristián.

O primeiro *arco de ferradura* perforado é este, mentres non se demostre o contrario. Non é un achádego do século VII como se ven afirmando (Palol, 23). O que aparece en estelas e laudas, no Noroeste mormente, é somente de carácter decorativo, razón pola que di P. Palol: “el arco de herradura tiene en lo romano mayor función ornamental que constructiva” (op. cit. 23).

O proceso é parello ó do trisquel; pola meirande parte cego áinda e só decorativo nos castros, acaba na etapa final destes abríndose nunha tímidha celosía.

Convén senta-lo estado da cuestión. De orixe moi discutida, o proceso é progresivo:debuxo, plano, relevo, escultura funcional. É cando chega á arquitectura.

No debuxo e relevo é máis ben decorativo. Así se atopa xa na antiguedade no Oriente Medio; Siria, Capadocia, Armenia... Daquí coida Palol (op. cit. ib.) que chegaría o debuxo en planta (s. V) e ornamentación da arte hispana tradicional, xa no séc. II. Vese nunha casa tardo romana de Clunia de mediados do séc. IV, e nun mosaico órfico en Arnal, Portugal. Os romanos úsanlo, coa función ornamental, en baixo relevo de estelas e laudas.

Vese en Rávena, Roma, Norte de África, Hispania e Galias, entre os sécs. II-III, mais sen pasar do trazo a nivel ou decoración, sen que áinda sosteña cárrega algúns (Hist. Gen. Arte, 303).

Aparece na planta absidal da basílica paleocristiá de Cabeza de Griego (séc. V), polo que se ve no debuxo feito no XVIII por J. Cornide, citado por Schlunk (Ars. Hisp. 229). E do mesmo xeito no paleocristiá serodio e o chamado visigótico inicial:S. Cugat de Vallés, S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Tarrasa, templos de Andalucía, S. Fructuoso de Montelios (Port.). Son templos erguidos de acordo con modelos hispano-romanos, xa sen conexión con Roma, relacionados en maior ou menor medida co Norte de África e con Bizancio. Aquí tería a súa orixe, ó que din os autores, o estilo visigótico, que outros prefieren polo mesmo denominar “Arte hispano-romano do período visigótico”, xa formado no séc. VII, coa súa peculiar decoración e arco de ferradura; viuse de proviso interrumpido por invasión da mouraria (711). Cf. Hist. Arq. 122).

O enunciado e calificación haberá que medilo, porque se é “Una de las aportaciones más geniales de España al arte universal” (Hist. Gen. Arte, 303), no Noroeste, baixo os suebos, comeza o seu desenrollo e cos elementos principais que, como vimos, eran xa tradicionais nos *castros* da *Gallaecia*. Polo demais é certo que


pouca arte nin parte teñen, tanto visigodos coma suebos no seu florelemento. Son *gallaeci romani*, ou *romani* como di Idacio en oposición ós *barbari* que domeñaban o Noroeste hispano ó tempo, os que mantefien a tradición; relixión, arte e cultura. Pedreiros indíxenas que labran áinda *rosetas* no castro e laudas na *villa* baixo romana, os que erguen ou acomodan os primeiros oratorios cristiás, baixo a dirección de ilustrados cregos tamén nativos. É lóxico concluir (Gran Enc. Gall., s. v. Arte) con J. L. Bouza A.: “El desarrollo de la arquitectura prerrománica en Galicia, hay que ligarlo á la extraordinaria floración que aquí tuvo el monacato desde los primeros tiempos del Cristianismo”. Xorde o que é autóctono, por obra da Eirexa nacente e falta de modelos.


Non imos citar outra vez toda a serie que inza ó longo da Via Nova Braga-Astorga, onde adur se chegan os elementos vindos de outra parte.

## BIBLIOGRAFÍA

- Adam: Arquitectura Medieval, E. Adam, Ed. Moretón, Bilbao 1967.
- Arméa: La “Cibdá” de Armea, F. Conde-Valbís Fdez., Orense 1952.
- Ars. Hisp. Ars Hispaniae, “Arte Visigodo”, Helmut Schlunk.
- Blázquez: Dicc. de relig. prerrom. de Hispania, J. M<sup>a</sup> Blázquez, 1975.
- Civil. Célt.: La Civilización Céltica de Galicia, F. López Cuevillas.
- Cult. castr.: A plástica da cultuta castrexa gal-port. , I, por F. Calo Lourido, Fund. Barrié, Cor. 1994.
- Chamoso: “Anuario de Est. Medievales”, 2, 1965, M. Chamoso Lamas.
- Episc. Ast.: Episcopologio Asturicense, I, P. Rguez. López, 1906.
- G<sup>a</sup> Sueva: Galicia Sueva, Casimiro Torres, Fund. Barrié, Cor. 1977.
- Galiza: El arte prerrománico en Galicia, por J. Galiza, Or. 1973.
- Guía Mont.: Guía de Monterrey, J. Taboada Chivite, Vigo 1968.
- Habitat: El Habitat castreño, Ana Romero Massiá, Sgo. de C., 1976.
- H<sup>a</sup> de G<sup>a</sup>: Historia de Galicia, Varios, Obra Dir. por Ramón Otero Pedrayo, Akal, Madrid, 1979
- H<sup>a</sup> Igl.: Historia de la Iglesia Católica, I, B. Llorca, BAC, 1964.
- Hist. Arq.: Historia de la Arquitectura, J. J. Martín, Gredos 1973.
- Hist. Arte: Historia del Arte, I, D. Anguli, Madrid 1975.
- Hist. de l'Art: Histoire de l'Art, t. I, André Michel, Paris 1905.
- Hist. Gen. Arte: Historia General del Arte, I, “Arte Visigodo”, Ed. Montaner y Simón, Barcelona s. f.
- Icon. visig. El árbol de la vida. Un est. iconografía visigoda: por R. Barroso y J. Morín de P., Ed. B. M. M. & P., Madrid 1993.
- Limia: A Limia, Eligio Rivas Quintas, Edit. Atlántico, Cor. 1985.
- Necróp.: Necrópolis de S. S. da Roza, E. Rivas, Sanmartín, Our. 1984.
- Palol: Imágen del arte hispanovisig , P. de Palol, Políg. Barc. s. f.
- Summa Artis: Summa Artis, t. VIII, J. Pijoán, Madrid 1960.







Grupo A (Cf. Calo Lourido, I)




Rubiás

Áncora



Cidades de Briteiros e Monte Mozinho



A Cidá, Armea



Castromao, Celanova

Grupo a



San Pedro de Rocas



Relieve de "Quintanilla de las Viñas" (Burgos)

San Salvador de Setecoros  
Valga Pontevedra

S. Xes de Francelos

## Grupo B



Castro de Cerdeira



A cidá de Armea



Castromao




Guerreiro de Campos


## Grupo b




S. M. de Canal

Santa María  
de Vilanova  
das Infantes

## Grupo C



Armea



Castromao



Castro de Cerdeira

Estela funeraria,  
Oza dos Ríos, Co.

Museo de Ourense

## Grupo D



Ermida de S. Lourenzo

Castromao



Cidade de Briteiros (Calo Lourido)



Rubiás (Calo Lourido)

Áncora (Calo Lourido)

Tenante  
en Mixós

Ara en Dodro, Co




Castro de Cerdeira

Lauda de sartego:  
Museo de Ourense

## Grupo D

## Círcos no Castro de Cerdeira



Estela prerromana  
A Baña, Co



Ofidios, Mámoa da Braña, Silleda, Po

Fiesta xémea e arco de ferradura  
Castro de Cerdeira

